

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 3 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciados parcialmente co FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas. O mesmo texto legal na súa disposición adicional sétima establece que a Xunta de Galicia poñerá en marcha accións de promoción, difusión, desenvolvemento, formación e fomento do cooperativismo no marco da súa acción política e como fórmula empresarial de creación e mantemento de emprego, cohesión territorial e vertebración económica e social de Galicia.

As cooperativas, xunto con outras entidades entre as que se atopan as sociedades laborais, forman parte da denominada economía social nos termos en que a define a Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social: o conxunto das actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes ben o interese xeral económico ou social, ou ambos. A competencia da Comunidade Autónoma sobre as referidas entidades de economía social alcanza desde a exclusiva, relativa a cooperativas, como xa se indicou anteriormente, á de execución recollida nos decretos de traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma e normativa reguladora que os afecta, no caso das sociedades laborais (Lei estatal 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais; Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre o rexistro administrativo e Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións).

A economía social, polos seus principios, perfílase cada día como un actor económico e social fundamental na sociedade actual. Co obxecto de promover o seu desenvolvemento



creouse un instrumento de colaboración formado por entidades públicas e privadas que colaboran nun marco de actuación co mesmo obxectivo común de fomento, que presta especial atención ao emprendemento e á creación e consolidación de emprego. Este instrumento foi regulado mediante o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

De acordo co disposto no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

O conxunto de axudas establecidas nesta orde forma parte da actividade de fomento da economía social despregada pola Xunta de Galicia e concrétase en tres programas con destinatarios diferenciados.

A través do primeiro dos programas procúrase un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social, subvencionando parcialmente os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, así como as actividades de promoción do cooperativismo e da economía social realizadas por estas.

O segundo programa impulsa a creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo no ámbito local, impulsadas por entidades locais ou agrupacións de concellos, estimulando a participación da Administración local no labor de promoción e desenvolvemento da economía social.

Os programas anteriores dan continuidade a senllas liñas de actuación que amosaron a súa efectividade e son complementadas por un programa novo que pretende incentivar a realización de actividades de promoción, por parte de entidades que se incorporaron á recentemente creada Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social. Deste modo, incentivase a efectiva participación nesta Rede de entidades sen ánimo de lucro como asociacións e fundacións, de organizacións profesionais, empresariais e sindicais e de cámaras de comercio.

Os tres programas comparten, en maior ou menor medida, o marco de actuacións que representa a Rede Eusumo, que permite a coordinación de actuación e un maior e máis eficaz aproveitamento dos recursos dispoñibles para o labor de fomento.



O programa operativo FSE Galicia 2007-2013 recolle, no seu eixe 1 tema prioritario 62, axudas ao fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, accións formativas, xornadas e seminarios, tratando de favorecer a capacidade de resposta das empresas ante as novas exigencias do mercado, incrementar a creación de empresas dinamizando a riqueza e o emprego, e aproveitar a capacidade emprendedora da poboación galega.

No seu eixe 4, tema prioritario 80, destinado ao fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas, recóllense as axudas á economía social e á potenciación e dinamización de redes e asociacións, cos obxectivos específicos de desenvolver conxuntamente servizos, metodoloxías, ferramentas e produtos para a aprendizaxe mutua de novos enfoques e novos modelos de xestión, no ámbito da economía social, así como fomentar a cooperación e o traballo en rede.

Prevese o financiamento dos distintos programas con cargo ao Fondo Social Europeo e fondos propios, así como con fondos finalistas cando se trate de accións elixibles de acordo coa Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e a mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de Relacións Laborais, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Sección 1ª. Bases

CAPÍTULO I

Finalidade, ámbito e réxime das axudas

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traballo e Benestar para a realización de



actividades de impulso e fomento do cooperativismo e a economía social, a través dos seguintes programas:

Programa I. Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Programa II. Oficinas locais de fomento cooperativo.

Programa III. Apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

2. As bases reguladoras de cada un dos programas incorporaranse como anexo desta orde, que forma parte integrante dela.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

4. Estas bases teñen vixencia indefinida.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde:

a) As asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I.

b) Os concellos de Galicia, a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios, dun consorcio local, ou dunha agrupación dun mínimo de catro concellos que pertencen a unha mesma zona, nos termos e para as actuacións previstas no programa II.

c) As fundacións e asociacións, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro, sinaladas nas letras d), f)



e g) do número 1 do artigo 5 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento, que teñan formalizada a súa adhesión á esta Rede por medio de convenio de colaboración, asinado con anterioridade á publicación desta orde, para as actuacións e nos termos previstos no programa III.

2. Con carácter xeral, as entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

a) As asociacións de cooperativas, de sociedades laborais, as fundacións e asociacións, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais, así como outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar legalmente constituídas e inscritas nos rexistros competentes.

b) Estar ao día das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

Artigo 3. *Financiamento e normativa reguladora*

A concesión das axudas previstas nos programas desta orde estarán suxeitas á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás seguintes aplicacións da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social: 11.02.324A.481.1 para o programa I, 11.02.324A.460.0 para o programa II e 11.02.324A.481.2 e 11.02.324A.445.1 para o programa III.

A distribución de crédito entre as aplicacións financiadoras do Programa III realizarase tan só no caso de resultaren beneficiarias as cámaras de comercio. Esta distribución realizarase de acordo co establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29.1.2009).

A distribución inicial de créditos fixarase para cada un dos programas recollidos no artigo 1 en cada convocatoria de axudas.

Os programas poderán ser atendidos co Fondo Social Europeo (ao 80 %) e fondos propios que cofinancian (ao 20 %) e con fondos propios libres, así como con fondos finalistas cando se trate de accións elixibles de acordo coa Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de sub-



vencións para o fomento do emprego e a mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais.

De producirse remanentes de crédito nalgún dos devanditos programas procederase á reasignación das contías sobrantas entre os restantes.

Estes importes poderán verse incrementados con fondos comunitarios, da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polos fondos europeos.

2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CAPÍTULO II

Normas comúns, solicitudes, documentación e procedemento

Artigo 4. *Solicitudes e prazo*

1. As solicitudes de axudas e subvencións deberán presentarse nos modelos de solicitude que figuran como anexo desta orde, deberá xuntarse a documentación indicada no artigo 5 e dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.



2. O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda non será inferior a un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. *Documentación*

1. A documentación que se debe acompañar a cada solicitude para o programa I é a seguinte:

a) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.

b) Memoria aprobada polo órgano competente e asinada polo representante legal, segundo modelo que figura como anexo III desta orde.

c) Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

Proposta das actividades de promoción do cooperativismo e a economía social, así como das actividades en rede, para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

No caso de asociacións de sociedades laborais, certificación acreditativa das inscricións practicadas no rexistro público onde figure inscrita e fotocopia compulsada ou cotexada dos estatutos sociais e as súas modificacións, no seu caso, así como relación de entidades socias debidamente certificada.

2. A documentación que se debe xuntar a cada solicitude para o programa II é a seguinte:

a) Memoria que conteña:

1. Identificación das entidades participantes e do seu ámbito de influencia.

2. Indicación das actividades de fomento do cooperativismo realizadas no ano anterior a través da oficina de fomento cooperativo, se é o caso, indicando o número de accións de formación, información e asesoramento, así como o número de proxectos empresariais cooperativos consolidados.



3. Persoa directora ou coordinadora do proxecto.
4. Descrición das actividades que se pretenden realizar, especificando a súa finalidade e as persoas destinatarias.
5. Cronograma ou planificación das actividades.
6. Medios previstos para a súa realización, con indicación expresa das características do local onde se sitúa a oficina de fomento.
7. Informe relativo á capacidade profesional da persoa técnica da oficina de fomento para a que se solicita a subvención.
8. Orzamento detallado, cuantificado en todos os seus puntos, indicando a procedencia dos recursos non achegados pola consellería.

b) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, ou persoa á que legalmente lle corresponda, do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso os concellos solicitantes ou mancomunidade de municipios nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Os concellos que se asocien para os efectos desta orde deberán achegar documento en que se acorde a colaboración dos concellos e a designación do que os representa, así como certificación das secretarías, ou persoa á que legalmente lle corresponda, dos acordos do órgano competente conforme se delega a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

3. A documentación que se debe acompañar a cada solicitude para o programa III é a seguinte:

- a) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- b) Memoria aprobada polo órgano competente e asinada polo representante legal, segundo modelo que figura como anexo X desta orde.



c) Proposta das actividades de fomento do cooperativismo e a economía social para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

d) De ser o caso, declaración relativa aos grupo de promotores creados por iniciativa da entidade solicitante e que formalizaron a súa constitución como cooperativa ou sociedade laboral, con identificación das súas características, os seus integrantes e asinada de conformidade por todos eles.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. Ás solicitudes das persoas interesadas xuntaranse os documentos e as informacións determinados no artigo 5, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

5. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizen as persoas interesadas mediante a presentación de solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Traballo e Benestar/Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Consellería de Traballo e Benestar/Secretaría Xeral Técnica, mediante envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Traballo e Benestar/Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á persoa ou entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos ou das beneficiarias, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignados a cada operación que se publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 7. *Criterios obxectivos de adxudicacións das subvencións*

1. Os criterios de valoración das solicitudes serán os recollidos para cada programa de axudas no anexo I. Como resultado da aplicación dos criterios de valoración obterase unha



relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidade beneficiaria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas.

2. En caso de empate de puntos de baremación asignarase a subvención ás beneficiarias que empreguen a lingua galega na realización das actividades. Se aínda persiste o empate terán prioridade as solicitudes de axudas tramitadas telematicamente e, en último termo, prevalecerá a orde de rexistro de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e Benestar.

O órgano concedente asignará o crédito dispoñible na convocatoria por orde, segundo a listaxe a que se refire o punto anterior, comezando polas solicitudes que obtivesen a puntuación máis alta e ata o esgotamento do crédito dispoñible.

No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención á solicitude ou solicitudes seguintes na orde de puntuación.

Artigo 8. *Instrución*

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Esta fase completárase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, de ser o caso, así como as certificacións indicadas no número 2 do artigo 6.

2. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.



3. A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que aplicará os criterios de valoración sinalados nas bases reguladoras e informará o órgano instructor. Este órgano elevaralle proposta ao órgano competente para a resolución, que resolverá poñendo fin á vía administrativa.

4. A comisión de avaliación das solicitudes presentadas estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, que a presidirá, a persoa titular da xefatura de Servizo de Cooperativas e Economía Social e dúas persoas xefas de sección, actuando unha delas como secretaria.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela o presidente ou presidenta, ou persoa en que delegue, un ou unha vogal e o secretario ou secretaria. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da dirección xeral.

Artigo 9. *Resolución e recursos*

1. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións de concesión das subvencións plurianuais previstas no programa II sinalarán a distribución das contías por anualidades atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada e aos condicionantes orzamentarios. Esta distribución non terá que coincidir coas distintas previsións de execución bianualizadas propostas por todos os solicitantes que resulten beneficiarios das axudas.



De ser o caso, na notificación da resolución da axuda comunicárase ao beneficiario o financiamento con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2007-2013, con concreción do eixe, tema prioritario e porcentaxe de cofinanciación de que se trate.

3. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva dos solicitantes, ben que a consellería debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar a información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas. En todos os soportes, materiais ou publicacións e calquera medio de divulgación das actividades deberá constar de xeito destacado a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar e, de ser o caso, a do FSE. De todo este material e documentación obxecto do financiamento da consellería, esta poderá facer uso coa finalidade de multiplicar o efecto promotor en toda a Comunidade Autónoma.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das beneficiarias, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignados a cada operación que se publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 10. *Xustificación e pagamento*

1. Unha vez notificada a resolución definitiva as interesadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



2. A beneficiaria deberá presentar perante o órgano administrativo competente para a instrución do procedemento, a xustificación da subvención no prazo fixado na resolución de concesión da axuda e cumprindo co recollido nos artigos 28 e 29 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá a beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días hábiles a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

4. A unidade administrativa responsable da instrución analizará a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento da realización da actividade obxecto da subvención e emitirá unha proposta de pagamento que se elevará á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, órgano competente para ordenar o pagamento.

5. O pagamento efectuarase de forma nominativa a favor das beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención e coas seguintes particularidades:

1. O pagamento das axudas do programa I efectuarase segundo se estableza na resolución de concesión.

2. Os beneficiarios do programa II deberán xustificar as actividades subvencionadas conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser parciais ou totais. Os pagamentos anteriores ao pagamento final terán o carácter de pagamento á conta.

6. Para os programas I e II, unha vez acreditada a aceptación da subvención e previa solicitude, poderase facer efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 80 % do importe da subvención, sen que en ningún caso o pagamento anticipado poida superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o previsto nos artigos 63 e 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en referencia cos pagamentos anticipados e a exoneración da constitución de garantía por tratarse de entidades non lucrativas e administracións públicas.



7. En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. Para estes efectos considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola beneficiaria.

8. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

9. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nesta orde. En todo caso, para os gastos a financiar con Fondo Social Europeo respectarase as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE (BOE núm. 252, do 18 de outubro de 2008).

10. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación dunha solicitude de pagamento conforme o modelo do anexo V, VIII ou XI, correspondentes aos programas I, II e III respectivamente, xunto coa documentación que se especifica no artigo 11.

11. En ningún caso poderá realizarse o pagamento da subvención mentres as beneficiarias non figuren ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexan debedoras en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teñan algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 11. *Documentación xustificativa para o pagamento*

1. As entidades beneficiarias do programa I deberán achegar a documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, no prazo, termos e na forma que estableza a resolución da concesión e que constará dos seguintes documentos:

a) Certificación detallada expedida polo secretario da asociación, co visto e prace do seu presidente, dos gastos realizados e do cumprimento dos fins obxecto da subvención.



- b) Relación detallada das facturas e outros documentos xustificativos dos gastos.
- c) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada das facturas.
- d) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada dos xustificantes bancarios de pagamento.
- e) Cando a xustificación comprenda gastos de persoal deberase achegar:
- Nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social e documento de ingreso das retencións a conta do I.R.P.F., así como xustificantes bancarios da realización do gasto.
 - Certificación da empresa en que consten as persoas traballadoras asignadas ao proxecto ou actividade subvencionada, as tarefas que realizan, así como, de ser o caso, o criterio de imputación parcial dos gastos de cada unha delas.
 - Partes de traballo asinados pola empresa e a persoa traballadora, en que consten as horas dedicadas ao proxecto ou actividade subvencionada, con descrición das tarefas realizadas diariamente.
- f) Para outro tipo de gastos deberase achegar os seus xustificantes xunto con memoria explicativa da súa vinculación ao proxecto ou actividade subvencionada, asinada pola beneficiaria. Cando unicamente se impute unha porcentaxe deles ao proxecto, a memoria deberá xustificar a aplicación tanto da parte imputada ao programa, como da restante, así como especificar o criterio de imputación.
- g) No caso de actividades formativas (cursos, xornadas e similares) deberá achegarse ademais relación de asistentes segundo modelo que figura como anexo VI, debidamente asinada por todos eles.
- h) Memoria resumo da execución do programa subvencionado (en formato papel e formato dixital).
- i) Copia de todos os documentos xerados (en formato papel e formato dixital).
- j) Documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas, cando proceda.



2. As entidades beneficiarias do programa II deberán achegar a documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, no prazo, termos e na forma que estableza a resolución da concesión e que constará dos seguintes documentos:

a) Informe exhaustivo da realización das actividades, xunto coa copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública.

b) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada do contrato de alugamento, de ser o caso.

c) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada do contrato de traballo e acreditación da situación de alta na Seguridade Social da persoa técnica, así como certificación relativa as súas retribucións brutas e ás conseguíntes cotizacións empresariais á seguridade social, debidamente detalladas e periodificadas, con indicación das cantidades achegadas polas entidades beneficiarias, de ser o caso.

d) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos do programa recollidos na base segunda.

e) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada das facturas e dos xustificantes bancarios de pagamento, relativos aos custos derivados do alugamento de locais e das accións de promoción e fomento sinaladas no punto 3.5 da base segunda.

f) No caso de actividades formativas (cursos, xornadas, e similares) deberá achegarse ademais relación de asistentes segundo modelo que figura como anexo VI e debidamente asinada por todos eles.

3. As entidades beneficiarias do programa III deberán achegar a documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, no prazo, termos e na forma que estableza a resolución da concesión e que constará dos seguintes documentos:

a) Informe exhaustivo da realización das actividades, xunto coa copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública (en formato papel e formato dixital).

b) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada das facturas.



c) Orixinal ou copia compulsada ou cotexada dos xustificantes bancarios de pagamento.

d) Cando a xustificación comprenda gastos de persoal deberase achegar:

– Nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social e documento de ingreso das retencións a conta do I.R.P.F., así como xustificantes bancarios da realización do gasto.

– Certificación da empresa en que consten as persoas traballadoras asignadas ao proxecto ou actividade subvencionada, as tarefas que realizan, así como, de ser o caso, o criterio de imputación parcial dos gastos de cada unha delas.

– Partes de traballo asinados pola empresa e a persoa traballadora, en que consten as horas dedicadas ao proxecto ou actividade subvencionada, con descrición das tarefas realizadas diariamente.

e) Para outro tipo de gastos deberanse achegar os seus xustificantes xunto con memoria explicativa da súa vinculación ao proxecto ou actividade subvencionada, asinada pola beneficiaria. Cando unicamente se impute unha porcentaxe deles ao proxecto, a memoria deberá xustificar a aplicación tanto da parte imputada ao programa como da restante, así como especificar o criterio de imputación.

f) No caso de actividades formativas (cursos, xornadas, e similares) deberá achegarse, ademais, relación de asistentes segundo modelo que figura como anexo VI e debidamente asinada por todos eles.

g) No caso de conformación de grupos promotores, deberá achegarse unha memoria explicativa das características do grupo creado, con identificación das persoas participantes e das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto empresarial, debidamente asinada por todos eles e pola entidade beneficiaria.

4. No momento da xustificación parcial ou total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.



Artigo 12. Subcontratacións

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos cales teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Artigo 13. Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia

1. A entidade solicitante non poderá atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo de solicitude desta orde en función do programa de que se trate.

2. O importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria, en que se incluírán todos os custos directamente derivados dela, tales como o custo total do activo e os custos de persoal calculados sobre o período que deban manterse os postos de traballo creados, de ser o caso.

3. O importe máximo das axudas para cada finalidade deberá respectar os límites que se establecen nas bases reguladoras dos distintos programas.

Artigo 14. Obrigas das beneficiarias

Son obrigas das beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención. A acreditación desta circunstancia, no caso das beneficiarias do programa II, poderá reali-



zarse por medio dunha declaración responsable das solicitantes de acordo co artigo 20.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, de ser o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos na normativa vixente sobre actividades de información e publicidade. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado tanto na súa forma coma na súa duración e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Para as accións cofinanciadas polo FSE todas as medidas de publicidade e información que deban executarse serán coherentes co establecido nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, e na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais, publicada pola Consellería de Facenda e dispoñible na súa páxina web

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/area-de-planificacion-e-fondos>.

O beneficiario asegurarse de que as partes intervenientes na operación foron informadas do dito financiamento. O beneficiario anunciará claramente que a operación que se está a executar foi seleccionada no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013. Calquera documento relativo a este tipo de operación incluírá unha declaración en que se informe deste cofinanciamento.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. As beneficiarias dos programas cofinanciados polo FSE deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, e debe-



rán, así mesmo, manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a «pista de auditoría».

e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás verificacións do artigo 13 do Regulamento (CE) nº 1828/2006, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) As entidades beneficiarias do programa II deberán subscribir o convenio de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar para a realización de servizos de asesoramento, información e formación e a utilización da oficina de fomento cooperativo como punto da: «Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social», nos termos previstos no artigo 13 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

Artigo 15. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 16. *Reintegro e perda do dereito ao cobramento da axuda*

Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se aminorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.



– Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 17. *Seguimento e control*

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Sección 2ª. Convocatoria de axudas para o ano 2014

Artigo 18. *Convocatoria*

Convócanse para o ano 2014, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a realización de actividades de fomento do cooperativismo e a economía social reguladas polas bases da sección primeira desta orde.

Artigo 19. *Presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.



Artigo 20. *Período de execución das accións*

1. O período de execución de accións para o programa I será o comprendido entre o 1 de novembro de 2013 e o 31 de outubro de 2014.

2. Para o programa II o período de execución das accións será o comprendido entre o 1 de novembro do 2013 e o 30 de xuño de 2015.

3. O período de execución para o programa III abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de outubro de 2014.

Artigo 21. *Xustificación das accións subvencionadas*

1. As entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo do anexo V, VIII ou XI, correspondentes aos programas I, II e III, respectivamente.

Os beneficiarios das axudas do programa II deberán xustificar o investimento conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos que poderán ser parciais ou totais.

2. A data máxima de xustificación das accións subvencionadas para os programas I e III será o 15 de novembro de 2014.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas para o programa II será o 15 de novembro de 2014 para a primeira anualidade, e o 15 de xullo de 2015 para a segunda.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.



Artigo 22. Financiamento e normativa reguladora

1. O financiamento das axudas previstas no programa I da presente orde realizarase con cargo á aplicación 11.02.324A.481.1 cunha contía inicial de 540.000 €, de acordo coa Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Para os gastos normais de funcionamento e de promoción do cooperativismo e a economía social destinaranse trescentos mil euros (300.000 €) de fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para atender a modalidade de actividades en rede reservarase a cantidade de douscentos corenta mil euros (240.000 €) correspondentes a fondos cofinanciados polo Fondo Social Europeo (ao 80 %) e fondos propios que cofinancian (ao 20 %), no eixe 4, tema prioritario 80 e con fondos propios libres, así como con fondos finalistas cando se trate de accións elixibles de acordo coa Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e a mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais.

2. A concesión das axudas previstas no programa II realizarase con cargo á aplicación 11.02.324A.460.0 da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social por un crédito por importe de 310.000 € para a primeira anualidade e 155.000 € para a segunda, de acordo coa Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

3. O financiamento das axudas previstas no programa III da presente orde realizarase con cargo á aplicación 11.02.324A.481.2 cunha contía inicial de 160.000 €, de acordo coa Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

O orzamento total ascende a 1.165.000 € e a distribución inicial de créditos por anualidades e programas é a seguinte:

– Ano 2014:

Programa I: 540.000 € (11.02.324A.481.1).

Programa II: 310.000 € (11.02.324A.460.0).

Programa III: 160.000 € (11.02.324A.481.2, 11.02.324A.445.1).

– Ano 2015:

Programa II: 155.000 € (11.02.324A.460.0).



Disposición adicional primeira

A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Disposición adicional segunda

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar a favor da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.- Se unha vez adxudicadas as axudas e subvencións resulta remanente de crédito, esta consellería reserva para si a facultade de efectuar convocatorias complementarias ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección xeral de Traballo e Economía Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



ANEXO I

Bases reguladoras dos programas de axudas para a realización de actividades de fomento do cooperativismo e a economía social

Base primeira. *Programa I: Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais*

1. Finalidade.

A finalidade deste programa é o fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social, en concreto das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo e da economía social, así como a realización de actividades de emprendemento realizadas en rede.

2. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, así como as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas e con actividade acreditada. Para ser beneficiarias as entidades deberán estar ao día no cumprimento das obrigas referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos rexistros competentes.

3. Actividades e gastos subvencionables.

Establécense tres modalidades de axuda: gastos normais de funcionamento, actividades de promoción do cooperativismo e a economía social e actividades en rede.

3.1. Gastos normais de funcionamento.

Poderán resultar subvencionables os gastos normais de funcionamento que se indican:

- Alugamentos e gastos de mantemento de locais e equipamentos.
- Gastos de persoal.
- Gastos de comunicacións (teléfono, internet, correo, mensaxaría e similares), material de oficina, e publicacións diversas.



- Mantemento da páxina web da asociación.
- Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade autónoma galega.
- Gastos de representación e participación en congresos, seminarios, xornadas e similares.
- Realización de asembleas e reunións.
- Servizos profesionais.

3.2. Como actividades de promoción do cooperativismo e a economía social, poderán ser obxecto de subvención as seguintes:

- Organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios.
- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos, inéditos.
- Elaboración de proxectos de intercooperación e integración.
- Asistencia a feiras, mostras e congresos.
- Realización de procesos formativos de persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos.
- Calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo.

3.3. Na modalidade de actividades en rede, poderán resultar subvencionables as actividades de carácter informativo, formativo ou de asesoramento especialmente encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social, a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social. A título orientativo as actividades poderán consistir en:

- Realización de charlas divulgativas, visitas formativas, cursos e xornadas.
- Asesoramento a emprendedores e público en xeral.
- Elaboración e publicación de estudos e materiais divulgativos inéditos, que contribúan á potenciación das actividades da rede de centros.



Estas actividades realizaranse fundamentalmente nas instalacións que conforman a referida Rede e integrándose na súa programación nos termos previstos no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

4. Contía das axudas.

4.1. A contía das axudas non poderá superar o 80 % dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos sen que en ningún caso excedan a contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

A contía máxima da subvención non poderá exceder dos cento cincuenta mil euros (150.000 €) por beneficiaria para a modalidade de gastos normais de funcionamento, oitenta mil euros (80.000 €) por beneficiaria para a modalidade de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social e de cen mil euros (100.000 €) por beneficiaria para a modalidade de actividades en rede.

4.2. Establécense, así mesmo, os seguintes límites de subvención para as actividades que se indican a continuación:

- Actividades divulgativas e formativas de duración igual ou inferior a 10 horas: ata un máximo de 2.000 euros.
- Actividades divulgativas e formativas de duración superior a 10 horas: o límite será a contía resultante de multiplicar o número de horas de duración efectiva por 200 euros, ata un máximo de 4.000 euros.
- Asesoramento a emprendedores e público en xeral: ata un máximo de 20 euros por hora de atención e 20.000 euros por beneficiaria.
- Asistencia a feiras, mostras e congresos ata un máximo de 3.000 euros por beneficiaria.

4.3. A determinación dos gastos subvencionables axustarase ao disposto nesta orde e no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



Cando o importe do gasto subvencionable da acción ou investimento supere a contía de 18.000 euros (IVE excluído) a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. Criterios de avaliación.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as actividades propostas nas solicitudes presentadas, establecéndose para cada modalidade unha relación entre as actividades de acordo cos criterios de valoración que se indican a continuación, e adxudicaranse a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

5.1. A concesión e contía das axudas para os gastos normais de funcionamento serán fixados en función da representatividade que teñan as asociacións solicitantes, en primeiro lugar e, tendo en conta os niveis de actividade que desenvolvan, en segundo lugar, de acordo co seguinte baremo:

a) Polo número de entidades asociadas:

- 1 punto por cada entidade asociada, se a cooperativa asociada é de segundo grao, computaranse as cooperativas integradas a través dela sempre e cando non estean asociadas directamente.

b) Polo nivel de actividade da asociación outorgarase:

- 8 puntos por cada local de atención ás entidades asociadas en funcionamento, cun horario mínimo de apertura de 35 horas semanais. Se o horario resulta inferior reducirase proporcionalmente a puntuación.
- 5 puntos pola participación no Consello Galego de Cooperativas.



- 4 puntos por cada traballador ou traballadora a tempo completo, no caso de traballo a tempo parcial reducirase proporcionalmente a puntuación.
- 4 puntos pola existencia de páxina web operativa e actualizada.
- 2 puntos pola integración da asociación nunha entidade de intercooperación e 2 puntos adicionais cando estea integrada en máis dunha.

5.2. Para as subvencións de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social, así como para as actividades en rede, teranse en conta os seguintes criterios ordenados segundo a súa importancia:

a) Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos.

b) Por propostas formativas ou divulgativas dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos órganos sociais das cooperativas e sociedades laborais e postos directivos en xeral, ata un máximo de 30 puntos.

c) Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo e á economía social ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos.

d) Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica e cumprimento dos compromisos derivados das actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

e) Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.

Base segunda. *Programa II: Oficinas locais de fomento cooperativo*

1. Finalidade.

Este programa ten por obxecto incentivar a participación dos concellos e doutras entidades locais de Galicia no labor de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, subvencionando os gastos da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como a realización de actividades.



2. Beneficiarias.

2.1. Poderán ser entidades beneficiarias destas axudas os concellos de Galicia a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local.

Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, que agrupen un mínimo de catro concellos, poderán solicitar as subvencións que regula este programa. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención e ao cumprimento do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En particular deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Cando nestas agrupacións participen entidades resultantes de procesos de fusión municipal, computaranse en función do número de concellos fusionados.

2.2. Ningún concello poderá figurar en máis dunha solicitude. O incumprimento desta norma dará lugar a que unicamente se dea validez á solicitude rexistrada en primeiro lugar no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, e que se proceda á inadmisión das restantes solicitudes onde figuren o concello ou concellos incumplidores.

3. Actividades e gastos subvencionables.

3.1. As actividades obxecto de subvención consistirán na creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo que realicen actividades de promoción e fomento do cooperativismo dirixidas ao ámbito territorial dos concellos solicitantes e a súa área de influencia, en particular mediante o estímulo do autoemprego e o emprendemento cooperativos e o apoio á xeración de novos proxectos cooperativos.

3.2. Estas oficinas deberán integrarse na «Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social» e desenvolver as súas actividades en colaboración coas entidades que forman parte dela.



3.3. Poderase subvencionar a contratación de persoal técnico asesor en materia de fomento cooperativo por parte da entidade beneficiaria, sempre que se dedique a tempo completo para tal fin. Igualmente, poderase subvencionar o alugamento de locais que resulten necesarios para o funcionamento das referidas oficinas.

3.4. Unicamente será subvencionable unha oficina de fomento cooperativo por cada solicitude presentada, así como un único local e un único técnico, independentemente do número de concellos que agrupe.

3.5. Igualmente resultarán subvencionables as actividades realizadas polas entidades beneficiarias a través das oficinas de fomento cooperativo, que consistan en accións de promoción e fomento do cooperativismo e que estean dirixidas ao ámbito territorial dos concellos solicitantes e a súa área de influencia. A título de exemplo, poderán consistir na elaboración e publicación de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; realización de feiras, mostras, congresos; organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios, así como actividades de fomento de viveiros cooperativos.

Estas actividades deberán coidar especialmente o enfoque de carácter práctico e eficaz das actividades, así como a súa imbricación coa realidade do contorno socioeconómico local onde se desenvolven. Na medida que resulte posible, procurarase a participación das asociacións de cooperativas representadas no Consello Galego de Cooperativas como xeito de contribuír á difusión dos valores e potencialidades do cooperativismo.

4. Contía das axudas.

4.1. Para a creación e mantemento das oficinas de fomento cooperativo, a subvención poderá ascender ás seguintes contías:

a) Contía equivalente ás retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, dunha persoa técnica contratada con dedicación exclusiva e a tempo completo, ata un límite máximo de 2.000 € mensuais.

b) Ata o 100 % dos custos derivados do alugamento de locais ata un máximo de 250 € mensuais.

4.2. Para as accións de promoción e fomento do cooperativismo referidas no apartado 3.5, a contía das subvencións poderá ascender ata o 80 % dos gastos necesarios para a súa realización. Para as ditas accións establécense os seguintes límites da subvención:



a) Actividades divulgativas e formativas de duración igual ou inferior a 10 horas: ata un máximo de 2.000 €.

b) Actividades divulgativas e formativas de duración superior a 10 horas: o límite será a contía resultante de multiplicar o número de horas de duración efectiva por 200 €, ata un máximo de 4.000 €.

c) No caso da actividade de fomento de viveiros cooperativos será subvencionable parte do importe do alugamento do local do viveiro durante un ano, cun límite máximo de 250 € mensuais.

4.3. A contía máxima da axuda por todos os conceptos subvencionables non poderá exceder os 28.000 € por solicitude. Este límite incrementarase en 3.200 € máis por cada concello adicional a partir de catro, ata un límite máximo total de axuda de 37.600 € por solicitude.

4.4. A partir do terceiro ano de actividades da oficina de fomento cooperativo, a axuda por mantemento anual dela, incluídas as epígrafes da persoa técnica, oficina e outras accións de promoción e fomento, será dun máximo do 50 % do seu custo. Para este efecto, tamén se respectarán os límites de subvención recollidos nos puntos anteriores.

5. Requisitos das Oficinas de fomento cooperativo.

5.1. Deberase habilitar unha oficina, estar debidamente sinalizada e publicitar o servizo prestado por distintos medios, tendo en conta o previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na letra c) do artigo 14 desta orde.

5.2. Os labores que asumirá a oficina de fomento cooperativo serán:

- a) Asesoría e acompañamento de proxectos.
- b) Accións formativas e informativas de promotores.
- c) Elaboración de plans empresariais.
- d) Seguimento e titorización dos proxectos cooperativos en xestión.
- e) Formación e divulgación de fórmulas cooperativas así como coordinación das actividades de fomento e promoción.



5.3. As persoas técnicas asesoras adscritas a este programa deberán posuír titulación académica universitaria e comprometeranse a realizar un curso de formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas.

5.4. A beneficiaria deberá acreditar a dedicación da persoa técnica asesora ao programa cos seguintes documentos:

- a) Partes horarios e plan de traballo.
- b) Actas de reunións para xestións de proxectos cooperativos.
- c) Informe de actividades.
- d) Relación asinada polos distintos destinatarios dos servizos.
- e) Certificación da entidade local ou persoa a quen legalmente lle corresponda.

5.5. A beneficiaria deberá designar unha persoa interlocutora válida para todas as cuestións relacionadas coa oficina de fomento cooperativo. É responsabilidade da beneficiaria impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás súas persoas traballadoras; a Xunta de Galicia será por completo a estas relacións laborais. Corresponde, así mesmo, á beneficiaria a vixilancia do horario de traballo, as posibles licenzas horarias, os permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

5.6. Terase en conta o número de proxectos empresariais cooperativos consolidados e outros indicadores referidos ás actividades das oficinas de emprego cooperativo para a concesión das axudas en anos sucesivos.

6. Criterios de avaliación.

6.1. A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no punto seguinte e adxudicárase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

6.2. Como criterios de avaliación teranse en conta os seguintes, ordenados como se indica a continuación:

- a) Polo menor número de cooperativas activas con domicilio no ámbito dos concellos solicitantes en relación coa súa poboación, ata 50 puntos.



b) Polo maior número de concellos que se agrupen na mesma solicitude, ata 40 puntos, tendo en conta que as entidades resultantes de procesos de fusión municipal se computarán en función do número de concellos fusionados.

c) Polas actividades de promoción e fomento previstas pola oficina de fomento cooperativo, tendo en conta o número de actuacións previstas, a súa calidade técnica e o seu previsible impacto, ata 30 puntos.

d) Pola titulación académica universitaria que debe posuír o técnico asesor, 20 puntos, se se corresponde con calquera das seguintes:

a) Licenciatura ou grao en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dereito ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan.

b) Diplomatura ou grao en Ciencias Empresariais ou Relacións Laborais.

c) Másters en Xestión e Dirección Empresarial Cooperativa.

e) Polo número de accións de formación, información e asesoramento realizadas por oficinas de fomento cooperativo no ano anterior, ata 65 puntos.

f) Polo número de proxectos empresariais cooperativos consolidados a través de oficinas de fomento cooperativo no ano anterior, ata 65 puntos.

g) Pola participación de entidades resultantes de procesos de fusión municipal, culminados nos dez anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ata 81 puntos.

Base terceira. *Programa III: Apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social*

1. Finalidade.

A finalidade deste programa é apoiar as actividades de fomento do cooperativismo e a economía social realizadas por entidades adheridas á Rede Eusumo, creada polo Decreto 225/2012, do 15 de novembro, subvencionando parcialmente os gastos derivados da súa realización.



2. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axuda ás fundacións e asociacións, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro, sinaladas nas letras d), f) e g) do número 1 do artigo 5 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento, que teñan formalizada a súa adhesión á esta Rede por medio de convenio de colaboración, asinado con anterioridade á publicación desta orde, para as actuación e nos termos previstos no programa III.

3. Actividades e gastos subvencionables.

3.1. Poderán resultar subvencionables as actividades de carácter informativo, formativo e de asesoramento, especialmente encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social, a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social. A título orientativo as actividades poderán consistir na realización de charlas divulgativas, visitas formativas, cursos, xornadas, obradoiros e seminarios, así como na conformación de grupos promotores de iniciativas cooperativas.

Estas actividades realizaranse fundamentalmente nas instalacións que conforman a referida Rede e integradas na súa programación nos termos previstos no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

3.2. En compensación do esforzo asociado ao labor de impulso e promoción de lanzamento de proxectos cooperativos e de economía social, establecece un incentivo adicional por cada grupo promotor creado por iniciativa da entidade beneficiaria que alcanzará a fase de constitución formal durante o ano inmediatamente anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A iniciativa de creación dun grupo promotor unicamente poderá ser atribuída a unha entidade. O incumprimento desta norma dará lugar a que non se tomen en consideración os grupos promotores creados por intervención de máis dunha entidade para efectos da obtención do devandito incentivo.

4. Contía das axudas.

4.1. A contía das axudas non poderá superar o 80 % dos gastos necesarios para a realización das actividades e non poderá exceder os seis mil euros por beneficiaria. Non



obstante, se unha vez atendidas todas as solicitudes que cumpran os requisitos previstos nesta orde para acceder ás axudas quedan remanentes de crédito, poderá procederse a súa distribución, seguindo a orde de prelación existente, e ata un máximo de seis mil euros adicionais por beneficiario.

4.2. Establécense, así mesmo, os seguintes límites de subvención para as actividades que se indican a continuación:

- Actividades divulgativas e formativas de duración igual ou inferior a 10 horas: ata un máximo de 2.000 euros.
- Actividades divulgativas e formativas de duración superior a 10 horas: o límite será a contía resultante de multiplicar o número de horas de duración efectiva por 200 euros, ata un máximo de 4.000 euros.
- Conformación de grupos promotores de iniciativas cooperativas, ata un máximo de 100 euros por persoa incorporada, que poderán incrementarse ata 200 euros máis por cada un deles que teña previsto incorporarse como persoa socia traballadora ou de traballo.

4.3. A contía do incentivo pola creación de grupos promotores poderá ascender a 1.000 euros cando se trate de constitución de cooperativa e 500 euros cando se trate de constitución de sociedade laboral. Estas contías non computarán nos límites indicados anteriormente e serán asignadas con carácter previo á atribución de contías por outros conceptos, establecéndose un límite máximo por entidade beneficiaria de seis mil euros.

5. Criterios de avaliación.

5.1. A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de avaliación fixados no punto seguinte e adxudicárase a aquelas propostas que obteñan maior puntuación.

5.2. Como criterios de avaliación teranse en conta os seguintes:

- a) Contido da actividade que se vai realizar. Ata 17 puntos.
- b) Repercusión da actividade. Ata 17 puntos.



- c) Relación entre o orzamento da actividade e o importe solicitado. Ata 17 puntos.
- d) Relación entre o importe solicitado e o contido da actividade. Ata 17 puntos.
- e) Número de accións de formación e información en materia de cooperativismo e economía social, realizadas no ano anterior pola entidade solicitante. Ata 16 puntos.
- f) Número de grupos promotores de iniciativas cooperativas conformados durante o ano anterior por intervención da entidade solicitante. Ata 16 puntos.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II

